



## **CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)**

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

### **ACTA DE ACORDOS E CONCLUSIÓNS DA REUNIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA PARA A SUSCRICIÓN DUN ACORDO DE CARÁCTER COLECTIVO ENTRE A SECCIÓN SINDICAL DA CIG, O COMITÉ DE EMPRESA E O GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA**

En Xinzo de Limia a 25 de Febreiro do 2015

#### **PRESENTES:**

##### **Polo Concello de Xinzo de Limia:**

Antonio Pérez Rodríguez  
Alcalde Presidente do Concello de Xinzo de Limia  
Manuel López Casas  
Tenente Alcalde do Concello de Xinzo de Limia

##### **Pola Sección Sindical da CIG:**

Francisco Xabier Rodríguez Cerdeiro  
Secretario Xeral da Sección Sindical da CIG no Concello

##### **Polo Comité de Empresa:**

Xesús Fariñas Diz  
Presidente do Comité de Empresa

##### **Asesores:**

Manoel Anxo García Torres, pola CIG

No día indicado no encabezamento diste escrito, sendo as 19,00 horas, reúnese a Comisión Negociadora, composta polos representantes do Grupo de Goberno do Concello de Xinzo de Limia, o Presidente do Comité de Empresa e os representantes da Sección Sindical da CIG, relacionados no maximal, para tratar, ao abeiro do disposto no Título III, artigo 82 e seguintes do Estatuto dos Traballadores/as, a seguinte Orde do día:

1º.- Proposta do Comité de Empresa sobre anulación do Acordo de 5 de Setembro do 2012, adoptado polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, sobre modificación parcial e temporal do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xinzo da Limia,

2º.- Proposta do Comité de Empresa sobre levantamento da suspensión da previsión establecida no artigo 46 do Convenio Colectivo, referido ao dereito de opción dos traballadores e traballadoras laborais no caso de extinción improcedente das súas relacións laborais.

3º.- Proposta do Comité de Empresa sobre minoración da redución salarial das retribucións do persoal laboral do Concello de Xinzo de Limia para o ano 2015.



## CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Con carácter previo, as partes recoñécense mutuamente lexitimación e capacidade legal pra adoptar os acordos que se deriven da negociación colectiva que por medio deste acto se emprende.

Entrando no fondo da cuestión, as partes abordan, conxuntamente, os tres apartados da orde do día, facendo as seguintes consideracións:

### Grupo de Goberno do Concello de Xinzo de Limia:

1ª Que as condicións económicas do Concello de Xinzo de Limia, que determinaron a suspensión, por Acordo de 5 de Setembro do 2012, adoptado polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, sobre modificación parcial e temporal do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xinzo da Limia, de diversos preceptos do citado Convenio Colectivo, teñen mudado e mellorado substancialmente.

2ª Que o Acordo de 5 de Setembro do 2012, adoptado polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, sobre modificación parcial e temporal do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xinzo da Limia, polo que se suspenderon determinados preceptos da citada norma colectiva, ten dificultado, dende a súa aprobación, o avance do proceso de negociación colectiva.

3ª Que as novas condicións e circunstancias fan preciso mellorar o clima de negociación de cara á fixación dun novo marco regulador das condicións de traballo do Concello de Xinzo de Limia.

### Comité de Empresa e Sección Sindical da CIG:

Que están de acordo co Grupo de Goberno en que é preciso mellorar o clima de negociación de cara á fixación dun novo marco regulador das condicións de traballo do Concello de Xinzo de Limia.

Polo exposto, **ACÓRDASE:**

**Primeiro.-** Que, como primeiro paso de cara á fixación dun novo marco negociador das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xinzo de Limia e tendo e conta a positiva mudanza da situación económica do mesmo, o goberno municipal anulará, parcialmente, o Acordo de 5 de Setembro do 2012, adoptado polo Pleno do Concello de Xinzo de Limia, sobre modificación parcial e temporal do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xinzo da Limia, polo que se suspenderon determinados preceptos do citado Convenio Colectivo, nos seguintes termos e tempos:

**A.-** No primeiro pleno municipal a celebrar no mes de marzo de 2015, o goberno municipal proporá e apoiará a aprobación do levantamento da suspensión da previsión establecida no artigo 46 do Convenio Colectivo, imposta por Acordo Plenario do 5/09/12, e, xa que logo, rehabilitará o vigor de tal precepto, devolvendo o dereito de opción, entre a readmisión e a



## CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

indemnización legal que corresponda, no caso das extincións contractuais declaradas improcedentes por órganos xudiciais, aos traballadores/as afectados polas mesmas.

**B.-** Que no pleno seguinte a celebrar entre o mes de marzo e principios abril de 2015 e no marco da modificación do plan de axuste que se realizará en dita sesión, o goberno municipal, tras os informes técnicos pertinentes, propondrá e apoiará a minoración da redución salarial das retribucións do persoal laboral do Concello de Xínzo de Limia, imposta por Acordo Plenario do 5/09/12, rebaixando o coeficiente redutor vixente, do 7,5% ao 5%, con efectos retroactivos a 1 de Abril do 2015.

**C.-** Que tal coeficiente redutor (5% do salario do persoal laboral), operará como porcentaxe máxima de redución dos salarios de tal colectivo, no resto dos anos de vixencia do plano de axuste; comprometéndose o Grupo de Goberno a estudar e, no seu caso, acordar, no marco das negociacións que se celebrarán durante os meses de Marzo e Abril de 2015, novas minoracións de tal coeficiente redutor, deica chegar a súa completa supresión.


**Segundo.-** Que, co fin de facilitar o proceso de recuperación do poder adquisitivo do persoal laboral do Concello de Xínzo de Limia, as partes asinantes comprométese a facilitar a amortización das prazas dotadas orzamentariamente e que non estean ocupadas por ninguén.

**Terceiro.-** Que, as partes comprométese a dar continuidade á negociación colectiva, durante os meses de Marzo e Abril de 2015, co obxecto de concluír un acordo global, relativo á renovación do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Xínzo de Limia e resto de materias de persoal.

**Cuarto.-** Que dado o carácter colectivo do presente pacto, consonte co disposto no artigo 82 e seguintes do ET, as partes acordan, unha vez asinado, proceder ao seu rexistro e depósito no organismo correspondente da Consellaría de Traballo e Benestar, así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

E non tendo outros asuntos que tratar levántase a reunión, sendo as 20,00 do día enriba sinalado.

  
Representación do Concello

  
Representación CIG e Comité de Empresa

